

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os compoñentes dunha mestura heteroxénea poden separarse mediante filtración ou decantación.

A filtración realízase utilizando filtros ou cribas.


A decantación emprégase para separar líquidos entre si e líquidos de sólidos.

Os compoñentes dunha mestura homoxénea pódense separar mediante evaporación e destilación.


A evaporación serve para separar sólidos de líquidos.

A destilación é un tipo de evaporación en que o vapor se recolle e se condensa.


1 Escribe debaixo o nome do método de separación se está empregando.



FILTRACIÓN



DECANTACIÓN



EVAPORACIÓN

2 Contesta as preguntas.

- Que método usarías para separar o arroz dunha sopa?

Usaría a filtración.

- Que método se emprega nas salinas para obter o sal da auga do mar?

A evaporación.

- Que método habería que empregar para obter tamén a auga?

A destilación.

- Que método utilizarías para separar a auga do aceite?

A decantación.